



XULLO

4 mércores > 22.30 h
PRAZA DO CHORIS
JURASSIC WORLD
124 /+12 anos

10 martes > 22.30 h
A BREA
MASCOTAS
AC Mestra Carmen Cancela
87/Todos os públicos

11 Mércores > 22.30 h
XARDÍN MUNICIPAL
VAIANA
Deputación da Coruña
107/Todos os públicos

12 xoves > 22.30 h
SÍSAMO
A LENDA DE
TARZÁN
AV Santiago Apóstolo
Sisamo
109/+7 anos

17 martes > 22.30 h
SOFÁN (Colexio da
Gándara)
A VIDA DE
CALABACÍN
A.V. San Salvador-Sofán
66/Todos os públicos

18 mércores > 22.30 h
XARDÍN MUNICIPAL
LA LA LAND
Deputación da Coruña
127/Todos os públicos

19 xoves > 22.30 h
RAZO (Praia)
GAZA SURF CLUB
ACRD San Martiño de Razo
87/+7 anos

24 martes > 22.30 h
BALDAIO (Pedra do
Sal)
ANIMALES
FANTÁSTICOS E
DÓNDE ATOPALOS
AC A Foucella
133/+7 anos

26 mércores > 22.30 h
ENTRECRUCES
KUN FU PANDA 3
AC Fontesalgueira
95/Todos os públicos

31 martes > 22.30 h
CANCES (Campo da
Capela)
WALL-E
AC San Campio-Cances
103/Todos os públicos

AGOSTO

1 mércores > 22.00 h
XARDÍN MUNICIPAL
CEN ANOS DE
PERDÓN
Deputación da Coruña
96/+ 12 anos

2 xoves > 22.00 h
SOFÁN (Praza)
MASCOTAS
A. Mulleres Rurais San
Salvador-Sofán
87/Todos os públicos

7 martes > 22.00 h
OZA (Local Social)
KUN FU PANDA 3
AC Torre Vixia
95/Todos os públicos

8 mércores > 22.00 h
PRAZA DA
MILAGROSA
A VIDA DE
CALABACÍN
66/Todos os públicos

9 xoves > 22.00 h
ARDAÑA (Escola de
Gontade)
A LENDA DE
TARZÁN
A. Santa María de Ardaña
109/+7 anos

14 martes > 22.00 h
RAZO (Praia)
WALL-E
ACRD San Martiño de Razo
103/Todos os públicos

16 xoves > 22.00 h
PRAZA DE SAN
CRISTOVO
ANIMALES
FANTÁSTICOS E
DÓNDE ATOPALOS
133/+7 anos

21 martes > 22.00 h
A IMENDE (Pista
polideportiva)
A VIDA DE
CALABACÍN
ADCR Baldaio
66/Todos os públicos

22 mércores > 22.00 h
XARDÍN MUNICIPAL
THE WAY
Deputación da Coruña
131/Todos os públicos

23 xoves > 22.00 h
MASCOTAS
AC Aquelelle
87/Todos os públicos



30 de xuño

XV ROMARÍA GALEGA
A Imende – Noicela, 18.00 h
A Romaría Galega celebra a súa quince edición cunha festa onde poderemos gozar de actuacións de música e baile tradicional de balde así como unha cea para as persoas asistentes.
Organiza: ADCR Baldaio
Colabora: Concello de Carballo

Do 9 ao 13 de xullo

CURSO DE FOTOGRAFÍA CON
SMARTPHONE OU TABLETA
Pazo da Cultura- 10.30 h a 13.30 h
Curso de fotografía con smartphome ou tableta impartido polo fotógrafo Alfredo Varela, destinado mozos e mozas entre os 12 e 18 anos. A inscrición poderase formalizar por rexistro de entrada do 26 de xuño ao 5 de xullo no rexistro do Concello de Carballo.
Prazas limitadas: 15, por orde de inscrición.
Organiza: Concello de Carballo

Ata o 15 de xullo

EXPOSICIÓN ARTE É FEMININO
3.º andar do Pazo da Cultura, de 17.00 h a 21.00 h
Exposición colectiva de artistas vinculados/ as a Carballo con motivo do San Xoán, coa que se pretende promover e impulsar o patrimonio artístico local. Neste nova edición propónse unha temática conxunta que, neste ano, é a muller. As obras que se poden visitar son de A.M.A., Ana García, Antonio Taracido, Chiña, Cristina Castro, Damián Varela, Esther Chamoso, Eva Facal, Francisco Javier Rodríguez, Lola Oviedo, María Marticorena, Milagros Coteló, Mon Lendoiro, Mónica Noya, O'Mighelo, Peter Kramer, Pedro Tasende, Raúl Herrera e Teresa Candal.

8 de xullo

XXXVII ALBAROQUE
Local Social e pistas polideportivas de Berdillo, todo o día
Xornada de confraternidade aberta a todos os públicos na que se expoñerán os traballos realizados polas entidades organizadoras e na que se poderá degustar unha comida popular e unha exhibición de baile, música e teatro.
Organizan: Asociacións Cultural e Xuvenil Arume
Colabora: Concello de Carballo

14 e 15 de xullo

ROTEIRO NOCTURNO POR
MONTE NEME
Saída de Carballo-21.00h
Roteiro nocturno de achegamento aos valores do Monte Neme. A pernocta será ao remate da ruta.
Información sobre datas, prezos e condicións en asociacion@sendanova.org ou 611 037 617.
Organiza: AC Senda Nova
Colabora: Concello de Carballo e Plataforma Defensa de Monte Neme

18 e 19 de xullo

CURSO DE VERÁN
TRABALLANDO A CALIDADE DA
LINGUA
Fórum Carballo
Este curso de verán centrarase na calidade no uso da lingua, en como potenciar unha lingua de calidade en diversos ámbitos, como os medios audiovisuais, o ensino, o humor, etc. As sesións constan de conferencias, mesas redondas e obradoiros prácticos para o traballo sobre a calidade no uso oral e escrito da lingua galega.
Información completa e matrícula en: www.traballandoenlingua.gal
Organiza: Universidade da Coruña
Colaboran: Concello de Carballo, Xunta de Galicia e Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CNTNL)

18 de agosto

XXI FESTA DO BERBERECHO
A Imende – Noicela, 13.00 h
Un das festas gastronómicas do municipio regresa cun dos produtos típicos da ría de Baldaio, o berberecho, onde o público poderá degustalo, ademais de gozar de actuacións musicais, danza cunha pequena verbena.
Organiza: ADCR Baldaio
Colabora: Concello de Carballo

25 de agosto

XVI FESTA DO PICHORRO
Recinto escolas unitarias, 20.00 h
Unha das festas máis importantes de Carballo, é festa do pichorro que este ano celebrarase coas actuacións de Fol de Veneno, o Dúo Libertad e a regueifa de Lupe Blanco e Suso de Xornes. Ademais da degustación de pichorro e o 7º campionato de debullo con mango de fouciño.
Organiza: AC San Campio de Cances
Colabora: Concello de Carballo

Do 5 ao 8 de setembro

INICIACIÓN A CARTOGRAFÍA E
ORIENTACIÓN
Espazo da natureza de Oza
Achegamento á cartografía e orientación para desenvolverse en entornos naturais. Máis información sobre as inscricións (de balde) en www.sendanova.org ou no teléfono 630 726 820
Organiza: AC Senda Nova
Colabora: Concello de Carballo

8 de setembro

V FOLIADA DO BOSQUE
Bosque de Carballo, 11.00 h
A Foliada do Bosque celebra a súa quinta edición cunha xornada lúdica arredor da música e o baile tradicional. Á foliada achegaranse asociacións culturais convidadas ademais os máis cativos/as poderán divertirse con xogos tradicionais ao longo do día.
Organiza: AC Foliada Galega
Colabora: Concello de Carballo

FESTAS DE VERÁN EN CARBALLO



XUÑO

29 San Pedro en Paradelas SOFÁN
29 San Pedro en San Paio ENTRECRUCES
29 e 30 San Pedro de Ferrol RUS
30 Festival Rockin' CARBALLO
30 Romaría Galega en A Imende NOICELA
30 xuño e 1 xullo O Sacramento ARDAÑA
30 xuño e 1 xullo San Pedro CANCES

XULLO

1 Festa do Bosque CARBALLO
7 e 8 A Brea (Festa do Pan) CARBALLO
10 e 11 San Cristovo e Sacramento LEMA
11 San Bieito en Paradelas SOFÁN
15 O Carne SÍSAMO
16 Nosa Señora do Carme da Piña SOFÁN
16 Nosa Señora do Carme ENTRECRUCES
16 O Carne LEMA
20, 21 e 22 O Carme e Santísimo Sacramento OZA
22 Santa María Magdalena ALDEMUNDE
25, 26 e 27 Santiago Apóstolo SÍSAMO
29 Festa do Cachelo OZA

AGOSTO

4 Mexillonada LEMA
4 Santo Antonio RAZO
4 e 5 Perpetuo Socorro ARTES
4 e 5 San Cristovo CARBALLO, núcleo urbano

5 Santa Mariña RAZO
6 San Salvador REBORDELOS
6, 7 e 8 San Salvador SOFÁN
7 Neno Xesús REBORDELOS
9 Festa do Tarambollo SOFÁN
10 Santo Antonio PREARADA - SOFÁN
10, 11 e 12 San Lourenzo BERDILLO
15 Santa María BÉRTOA
15, 16 e 17 Nosa Señora ARDAÑA
15, 16 e 17 Santa María RUS
18 Festa do Berberecho A Imende NOICELA
25, 26 e 27 San Xínés ENTRECRUCES
25 Festa do Pichorro CANCES
31 e 1 e 2 setembro San Ramón (Goiáns-Xoane) GOIÁNS

SETEMBRO

1, e 2 Milagrosa CARBALLO
2 e 23 Santa Eufemia e San Mateo RUS
7, 8 e 9 San Brais, San Roque e Perpetuo Socorro OZA
8 Os Milagres ARTES
9 e 10 Os Milagres en San Sadurniño RUS
15 As Dolores BERDILLO
15 e 16 Santa Irene LEMA
15 e 16 Sta. Eufemia BÉRTOA
29 San Miguel VILELA
29 e 30 Remedios e Vilamaior VIVENTE-ARDAÑA



No caso de predición de choiva, as actuacións previstas na Praza do Concello poderán trasladarse ao Pazo da Cultura ou á Praza de Abastos e a entrada será libre, limitada ao aforo do auditorio do Pazo ou da Praza. Informarase coa máxima antelación posible.

+INFO

Organiza: Concellaría de Cultura
Pazo da Cultura. Rúa do Pan, s/n
Teléfono: 981 704 300
@CulturaCarballo
Cultura Carballo
culturacarballo@carballo.gal
www.carballo.gal



XULLO

DO XOVES 5 AO DOMINGO 8
Xardín Municipal, todo o día

PRAZA DOS LIBROS Feira da creatividade cultural

Catro días de imaxinación, creatividade, animación, contacontos, música, libros, presentacións, premios e moitas outras propostas que encherán de ilusión Carballo. Unha feira da creatividade cultural que se abrirá co pregón da cantora Ses e que procura achegarlle á cidadanía a creación galega e propostas frescas do ámbito literario, musical e, en definitiva, artístico. E todo isto fundido o xoves e o domingo coa feira tradicional, e con atún e pan... Unha festa de ideas!

Patrocina:
Fundación
Luis Calvo Sanz



SÁBADO 7

FESTIFOLK COSTA DA MORTE CONCELLO DE CARBALLO

21.00 h > Rúas de Carballo

DESFILE DOS GRUPOS DE GAITEIROS DA COSTA DA MORTE

Unha nova ocasión para percorrer as rúas de Carballo ao son de grupos de gaiteros de distintas entidades asociativas da Costa da Morte.

Ao remate do desfile na Praza do Concello interpretarse conxuntamente o Himno do antigo reino de Galicia e farase unha homenaxe a Pepe Ferreirós, membro de Milladoiro.

22.30 h > Praza do Concello
Concerto de Milladoiro
Atlántico

"Velaquí Milladoiro. O Milladoiro de sempre e, ao mesmo tempo, un Milladoiro renovado, permanentemente renovado, consonte quen sabe que a identidade, que se constrúe con afouteza, intelixencia, talento e traballo, moito traballo, debe ser algo a revisar constantemente, revisitar deberíamos dicir, para que, como os vellos licores, decante e dea as mellores esencias.

Sinfonía en doce tempos. Os antigos dicían que o Mar Maior empezaba fóra de puntas, alén dos freus e das illas, o Mar Antigo, horizontes abertos para respirar, mais tamén para afrontar o risco e a aventura, o camiño, que no noso caso é o roteiro do sol, dende as brañas mariñás a Terranova, dende Ortelgal ao Támeses e o Gran Sol, o Mar Céltico, co gaitero na ponte do navío e as gaivotas a sinalar o rumbo, coma aquel Xoán de Boimorto na nau de don Bartolomeu, nos días da Gran Descuberta. Velaquí Milladoiro que, unha vez mais, nos invita a viaxar alén de nós, no mar da memoria e do tempo, o mar da saudade, esa luz diferente que marabilla o mundo e fala de nós dende as barandas derradeiras" - Víctor F. Freixanes.



Organiza: Colaboran:



La Voz de Galicia

Fundación
Luis Calvo Sanz

VENRES 13
21.00 h > Praza do Concello

MAGÍN BLANCO Magín Blanco e a banda das apertas

Magín Blanco e a banda das apertas irán tocando as aventuras de A nena e o grilo e descubrindo os seus segredos, a través de cancións e contos. Os máis cativos e cativas viaxarán por singulares aventuras onde as letras das cancións marcarán o ritmo deste concerto.

Colabora:
Deputación
DA CORUÑA



VENRES 20
22.30 h > Praza do Concello

CAXADE E isto é o amor

Caxade é un proxecto musical de catro músicos que retoman, cos seus acordes, os antigos sons das orquestras da vella Europa de principios do século XIX.

E isto é o amor é un álbum cunha cuidada produción na que se introducen elementos electrónicos que fan un produto con forza e imprescindible para os amantes da música indie folk. Este traballo foi recoñecido co premio Martín Códax da Música.

Colabora:
Deputación
DA CORUÑA



VENRES 27
22.30 h >
Praza do Concello

Colabora:
Deputación
DA CORUÑA

SUSANA SEIVANE Fa

Susana Seivane é unha das artistas galegas máis recoñecidas do panorama folk internacional. A súa maneira excepcional de entender a gaita e o seu virtuosismo, en parte transmitida pola súa familia xa que é filla e neta de gaiteros e luthiers, fan que sexa un referente da música galega. Unha mestura áxil e moderna que afonda na súa raizame no máis profundo da tradición galega, lonxe de perder o aire enxebre dos antigos gaiteros, reivindica a súa tradición e ábrea ás influencias doutras músicas, incorporando tamén a súa doce voz.



AGOSTO

VENRES 3
22.30 h > Praza do Concello

Patrocina:
Fundación
Luis Calvo Sanz

AMANCIO PRADA Meus poetas en París

O cantautor ponferradino Amancio Prada regresa a Carballo para celebrar co público máis fiel un recital de cancións e composicións que representan o universo tan característico do estilo pradiano. Unha oportunidade única para escoitar cancións de profundas raíces populares e con pura sensibilidade, de cantores e poetas como Brassens, Léo Ferré e Moustaki, sen olvidarnos dos temas propios ou baseados en textos de grandes poetas e poetisas como Rosalía de Castro, Federico García Lorca, ou Eduardo Pondal, entre outros.



VENRES 10
22.30 h > Praza do Concello

Colabora:
Deputación
DA CORUÑA

A BANDA DA LOBA Bailando as rúas

A banda da loba está integrada por cinco mulleres que se uniron para crear un repertorio propio baseado tanto en letras da súa autoría como en musicalizar a poetas célebres ou poemarios de escritoras contemporáneas. Baixo un estilo ecléctico e heteroxéneo que se nutre do rock, do pop, do folk fai que este concerto sexa un fantástico caleidoscopio musical.



VENRES 17
22.00 h > Praza do Concello

Colabora:
Deputación
DA CORUÑA

PÍSCORE Concerto singular

Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un concerto cun só instrumento? Catro virtuosos músicos fronte a un gran conflito: 16 baquetas e unha marimba. Organizarse non vai ser doado. Unha nova formación que presenta unha musicomedia, coa mellor música e con moito humor para un concerto singular.



VENRES 24
22.00 h > Praza do Concello

Colabora:
Deputación
DA CORUÑA

XABIER DÍAZ & Adufeiras de Salitre Noró (Algunhas músicas do norte)

Nurtha, Nord, Norte...Noró. O norte é case un estado emocional para Xabier Díaz. Unha música sólida, ancestral e serena que para Xabier, compositor e compilador de melodías e ritmos tradicionais é case un estado de ánimo. Xunto a voz e a percusión de 11 mulleres, o grupo Adufeiras de Salitre, farán un retrato sonoro das paisaxes septentrionais: Mondariz, A Fonsagrada, Vimianzo, Manzaneda, A Mezquita ou Zas en Galicia, pero tamén de León e Zamora.



VENRES 30
22.00 h > Praza do Concello

FESTIVAL DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL

Banda Municipal de Gaitas, Grupos de Música e Baile Tradicional da AC Nemeth, Grupos de Música e Baile Tradicional de Arume de Berdillo e Grupos de Música e Grupo de música e baile Tradicional da Asociación Cultural San Martín de Razo e o Coro Aires de Bergantiños.

Unha nova edición do Festival de Música e Baile Tradicional con asociacións de Carballo pechará a programación do verán. Participarán agrupacións que amosarán o folclore tradicional galego a través do baile, música e vestuario do noso patrimonio etnográfico.

